

REXISTRO DA REITORAL

Relembrazas dun corazón ferido¹

-“Mira, Raña: Puidera ser que “María” vaia esconderse á túa casa”. Estas palabras graváronse tan ben no meu “ordenador” portátil -o único que usabamos daquela- que non hai forma de borrarlas.

O trece de agosto do 75 estabamos varios cregos nunha xuntanza preto da praia de Vilarrube na casa que tiña alí a Parroquia de San Pedro (Ferrol). Éramos uns dez curas, aproximadamente. Programabamos a saída de “Boa Nova” (Materiais de traballo para homilía e catequeses). Cando rematamos, preto da media tarde, aparecen [Vicente Couce, Manuel Bello Trigo e Cuco](#). Vicente fíxome sinal como que quería dicirme algo e apartámonos un pouco do grupo. Cántame que esconderan a “María” ([Elvira Souto Presedo](#), compañeira de [Moncho Reboiras](#)), pero que ela decidira saír camuflada de Ferrol. Un dos posibles sitios onde podía esconderse era San Sadurniño. Avísame para que estivera enterado por se chegaba pedindo acollida. “Vai desfigurada”, dime. “Poida que non a recoñezas”. Eu coñecía a Elvira porque estivera algunha vez comigo para deixar propaganda. Unha das veces pedírame un sacho para “enterrar” papeis na finca da Reitoral. Non souben se o fixera.

Volvendo a Vilarrube, unha vez que os emisarios deran o recado, non tardaron en irse. No Ferrol seguía o follón pola morte e enterro de [Moncho Reboiras](#). Eu tamén me despedín dos compañeiros e encamiñeime directamente para a casa. Cavilaba onde ía esconder a “María”. Manifestáralle a Vicente que a Reitoral de San Sadurniño é grande e con sitios ben ocultos, pero que xa tivera varios encontronazos co Alcalde e constábame que estabamos sendo vixiados. Convén aclarar que a Reitoral ocupa parte do antigo Convento de Santo Domingo; na outra parte está o Axuntamento e varias dependencias máis. Viña matinando que incluso podía meterse encima da bóveda da igrexa á que se acede desde a mesma casa.

Ao chegar a San Sadurniño e baixar pola Avda. do Marqués de Figueroa, noto algo raro nalgunha xente que saudei -como era costume- dende o coche. Subo á casa e atopo a miña nai medio morta, chorando desesperada, case sen poder alentar. Non podía falar porque se atragantaba coa mala respiración. Ata que se serenou, collín un susto tremendo pois pensaba que de novo lle fallaba o corazón. Sentamos na cociña e foime contando polo miúdo como chegaran os Gardas Civís e a Policía e como

¹ Os nomes resaltados corresponden a ligazóns que conducen a información complementaria sobre as persoas citadas

arrodearan toda a casa coas escopetas apuntando. Subiron ao piso un fato deles, preguntaron por min, e polas persoas que había na casa e amosáronlle uns papeis... Logo inspeccionaron o que lles pareceu. Non atoparon a “María”. Aínda que estivera alí, non sería doado dar con ela. De feito non subiron ao faiado nin á bóveda de igrexa. Por certo quen si subira ao faiado da casa foi o gato, que, asustado con tanta tropa, puxo pes en polvorosa e fuxiu, facendo uso do moito sentidiño que tiña, por unhas escadas á parte superior. E, andando por alá cheo de medo, fixo algún ruído que un dos Gardas interpretou que había xente no faiado e encañanou a escopeta cara alí. Menos mal que outro Garda e máis Mino de Neiva advertíronlle que viran subir o gato había un momento. De boa se librou o pobre. Non merecía unha morte tan indigna, se é que hai algunha digna e merecida.

A nai foise tranquilizando coa miña presenza e aparente serenidade. Máis tarde baixei ao ensaio de [Saraibas](#). Non había outro comentario. Non se acordaba tal cousa. Ninguén se explicaba de onde saíran tantos Gardas e Policías: nin que viñan facer. Cántame Martín que el quixo entrar ao sitio do ensaio cando estaba o asalto en acción e encañonárono para pedirlle a documentación.

Aquela noite quedou escorrentado o sono na Reitoral. Non durmiron nin gato nin persoal. A rabia roía nos miolos. Meditaba nas consecuencias. Estaba seguro que iso era como un tigre con longo rabo. Imaxinaba ao Alcalde fretándose as mans e baleirando máis porcallada polas tabernas. Era a súa defensa. Para el e os seus partidarios eu quedara co cu ao aire, espidiño no medio da praza: un comunista feito e dereito. Non facían falla máis probas. “¿Que más queréis? ¡Tenéis un cura revolucionario!!”. Non lle escoitei estas palabras, pero incluso debaixo das sabas parece como que as oía.

O día seguinte amenceu triste. Non quería saír o sol. Tiña vergoña de tanta desvergoña. As nove da mañá ladra o can. “*Aí hai alguén*”, dixo miña nai. Non pensei en “María”. Asómome á fiestra e vexo un Policía (non entendo de graduacións). Pídeme se o podo recibir. Díxenlle que sí, aínda que o que me pedía o corpo era darlle unha patada no sitio que máis nos doe aos machos. Sentamos. Amósame a acta do rexistro. Léina a medias. Total, que despois dun detido rexistro non atoparan na casa ningunha persoa estraña. Eu recrimineille, con toda a seriedade que puiden, que antes de facer o rexistro debían haberme avisado, sabendo que estaba en Vilarrube como lles indicara miña nai. Fíxenlle ver o tremendo susto que collera unha persoa tan maior, que puido ser causa da súa morte. El deume

a razón, pediu desculpas e voltou polo mesmo camiño e seguramente coa mesma decisión.

Mino de Neiva (viña polas noites á casa para traer o leite, pois eran as súas vacas as que pacían o igrexario) era moi bo para leva-e-trae. Naceu para o chismorreio. Aos poucos días, venme co conto de que lle encargara o Alcalde que puxera dous tabiques no faiado para separar a parte da Reitoral da parte do Axuntamento. Efectivamente o faiado era todo corrido, sen ningunha división, o mesmo que no tempo dos frades. De tal maneira que “María” -se fora o caso- podía entrar pola miña casa e ir acubillarse derriba das dependencias municipais. ¡Vaia lío! Por iso o Alcalde quer poñer ladrillo por medio. Cando Mino mo estaba a contar, eu case non o creía. Pero cavilando cavilando, recoñecín que xa que non se podía pór terra no medio había que meter muros de ladrillo. O momento era do máis oportuno. E Mino fixo os tabiques e aí están. Convén que quede isto escrito para que se saiba cando se separou a Igrexa do Estado en San Sadurniño.

O incidente supuxo para uns a confirmación de que o crego estaba metido en política. Isto era imperdoable precisamente na “Villa de la Tranquilidad”. Así empezou o receo en algunhas persoas encirrado polo Alcalde, o Segretario e Ricardo Nores (militar retirado), que pretendía ser o gran cacique do barrio da Feira, con quen tivera eu un enfrontamento no Bar de Germán con motivo do Proceso de Burgos. Púxose a berrar coma un tolo mentres daban o telexornal: “*Matadlos a todos...*” Eu asesteille que esas non eran maneiras; que así volveríamos ás andadas.... Para outros foi tamén a confirmación de que se podía confiar en min. Nunha palabra, como acostuma suceder a miúdo, deuse a división de pareceres. Certo que me vin máis marcado no aspecto público; no foro interno sentíame plenamente identificado co que facía

O rexistro da Reitoral foi en agosto. No mes de marzo a xente fixera unha forte presión en contra da decisión do Bispo de destinarme para Viveiro. Fora unha loita moi dura con escritos na prensa, manifestación en San Sadurniño, cartas e telegramas a D. [Jacinto Argaya](#) (bispo de San Sebastián), o [Cardenal Tarancón](#) e outras ...

Expliqueilles repetidas veces, cando coñeceron da noticia, que eran eles os que tiñan que entenderse co bispo. Non tiña problema ningún en quedarme nin en irme. Estaba á disposición deles e do bispo. Que buscaran o acordo. A comisión fíxolle varias visitas. Lograron, case a forza, torcer os plans do bispo. A “xentiña” considerou o feito como unha vitoria. As autoridades escondéranse. Para festexar o trunfo en maio fixeron festa con comida campestre no Pazo da Marquesa agasallándome cun coche Dyan-6,

unha máquina de escribir eléctrica e unha multicopista usada. O coche custou 152.448 pts., a máquina de escribir (con mesa e cadeira) 37.380, a multicopista 11.000, a sardiñada e os foguetes 28.385. Recadáranse nas dúas parroquias (Sta. Mariña e San Sadurniño) un total de 243.198 pts.

Saco isto a colación porque o rexistro da Reitoral houbera sido máis “escandaloso” se non se tivera dado este precedente. A inmensa maioría da xente estaba comigo. Practicamente so as autoridades eran receosas. Vían en min algo así como un pequeno “axitador”. Trouxera ao Grupo **Fuxan os Ventos** actuar nos claustros e, ao final, houbera os coñecidos gritos de “*Galiza ceibe*”, que resoaban moi ben no claustro. Viñeron despois os rapaces da Xunqueira (Vilagarcía), dirixidos polo crego **Jaime Vaamonde Souto**. Cando estaban para empezar, preséntase a Garda Civil, mandada polo Alcalde, e esixe a autorización do Gobernador (autorización que non había). Despois de moito tira e afrouxa o Jaime tivo que ir ao Cuartel facer unha declaración. A actuación comezou unha hora máis tarde.

- Naquel tempo escribira unha nota para os labregos das nosas parroquias. Ía firmada tamén polos cregos de Lamas e de Naraío. Tratába de animalos a interesarse nas decisións da Irmandade de Labregos; para iso debían participar nas eleccións que se ían celebrar. Despois souben que en Santa Mariña andivera a Policía recollendo os papeis.

- Na sala parroquial tiña unha biblioteca con exposición de libros en galego (p.e. “Sempre en Galicia”) á disposición do público. Estaba moi ben decorada con pósters grandes, reproducións dos debuxos de Castelao feitos a perfección por Toñito Pita, estudante de Arquitectura e bo artista.

- Fixéramos unha gran mobilización en toda a comarca polo problema da queima dos montes, sen que as Autoridades se sumaran.

- Trouxera a Santa Mariña a **Leopoldo López**, frade pasionista de Melide e avogado de Comisións Labregas, para falar sobre as masas comúns da Concentración Parcelaria. Con el veu outro compañeiro que ao final deu un acalorado mitin sobre as maldades dos axuntamentos; por iso “*non debían permitir que as masas comúns foran parar ao manexo dos axuntamentos para aumentar as súas cacicadas*”.-

- Empezaba tamén por estas datas a revista **Pumariño**, en formato pequeno e soamente para a parroquia de San Sadurniño...E todos os meses reuníamos na Reitoral un fato de curas para preparar “Boa Nova” deixando no adro un bo número de coches que tiñan que chamar a atención de quen estaba “*para que se guardara el orden*”.

Evidentemente despois de todo isto - e de outras actividades das que non me lembro- non era de estrañar que o Alcalde-Xefe Local do Movemento-Veterinario Municipal-Presidente da Hermandad de Labradores -a mesma persoa e un so deus verdadeiro-, tivera informado á Policía dos meus movementos. Ademais, nunha dependencia da Reitoral, precisamente encima da sacristía e tabique en medio coa sala de Plenos do Axuntamento, reuníanse un día á semana “xentes” vidas de Ferrol. Pedíranme se lles permitía facelo. Así o acordamos caladiñamente. Eu deixaba o portón do claustro colocado de tal xeito que eles á noitiña puideran abrir. Cando se marchaban, aló polas doce, avisábanme para que baixara pechar. Non os coñecía. Nunca me invitaron ás reunións. Pero nada me estraña que desde as dependencias municipais notaran algo raro. Unha noite, ao tempo que me avisan para pechar, preséntanme un escrito por se o quero firmar. Non o fixen. Non me gustou a maneira. Pensaba que, estando como estaban na “miña” casa, ben podían convidarme a discutilo e elaboralo. Díxenlles que sería mellor que non volveran porque era moi arriscado para min e para eles estar tan preto da boca do lobo. (Nunca mellor dito).

Poida que tamén lle seguiran os pasos a alguén que viñera traer propaganda política, como fixera Elvira. Ademais a Policía non ía mal encamiñada ao pensar que estaba escondida na casa dalgún cura. En efecto fora Vicente Couce e Cuco quen a ocultaran. Por iso rexistraron o bispado, a casa de Gabriel Vázquez Seijas, a de Anxo Currás en San Xoán, e a miña. Segundo agora sabemos, mentres o facían, “María” estaba escondida na casa asignada a Cuco en Caranza, para saír despois disfrazada cara a Portugal. ¡Por pouco!!
¡Que tempos!!!

Ramón Díaz Raña